



FACULTADE DE DEREITO

**VIOLENCIA EN PARELLAS XOVES:
PAPEL DOS MITOS SOBRE O AMOR
ROMÁNTICO E AS ACTITUDES
SEXISTAS**

TFG presentado por J. Antonio Vázquez Millán

Curso académico 2019-2020

Titor/a: Natalia Pérez Rivas

Índice

1. Introducción.....	6
1.1. Concepto e trazos distintivos da violencia no noivado.....	6
1.2. Prevalencia e consecuencias da violencia no noivado.....	7
1.3. Teorías explicativas sobre a violencia no noivado.....	10
1.4. Estereotipos de xénero, actitudes sexistas e violencia no noivado.....	12
1.5. Mitos sobre o amor romántico e violencia no noivado.....	14
2. Obxectivos e hipóteses.....	18
3. Método.....	19
3.1. Participantes.....	19
3.2. Materiais.....	24
3.3. Procedemento.....	26
3.4. Análises.....	27
4. Resultados.....	29
4.1. Fiabilidade dos instrumentos psicométricos.....	29
4.2. Prevalencia e relación entre os distintos tipos de violencia.....	30
4.3. Variables predictoras da violencia exercida por homes e mulleres.....	33
4.4. Variables predictoras da violencia padecida por homes e mulleres.....	35

5. Discusión.....	38
5.1. Prevalencia da violencia no noivado: Os abusos psicolóxicos de control.....	38
5.2. Mitos do amor romántico e condutas controladoras ca parella.....	42
5.3. Sexismo e violencia no noivado: Efecto diferencial segundo o sexo.....	44
5.3.1. Sexismo hostil como predictor da violencia perpetrada e padecida por homes...45	
5.3.2. Efecto das diferentes crenzas sexistas sobre a violencia perpetrada e padecida por mulleres.....	50
5.4. Implicacións prácticas e futuras liñas de investigación.....	52
5.5. Limitacións e fortalezas do estudo.....	54
6. Conclusións.....	49
7. Referencias bibliográficas.....	51
8. Anexos.....	63
9. Índice de figuras.....	71
10. Índice de táboas.....	72

Resumo

A violencia en parellas xoves constitúe un fenómeno alarmante debido ás elevadas cifras de prevalencia e ás consecuencias que acarean tales agresións para a saúde das persoas involucradas. A teoría feminista denuncia que as falacias que propugna o amor romántico, xunto cas crenzas sobre a suposta inferioridade da muller como grupo humano, promoven dinámicas de dominación-submisión dentro da parella e facilitarían a aparición dos abusos. Partindo desta perspectiva, preténdese indagar no papel que xogan as actitudes sexistas e os mitos sobre o amor na violencia durante o noivado.

Para elo, cóntase cunha mostra de 413 xoves galegos, 91 homes e 322 mulleres, que tiveron algunha experiencia en relacións amorosas. Os participantes cubriron diversos cuestionarios *vía online* para medir as variables obxectivo, como as agresións cometidas e sufridas no contexto de parella.

As taxas de prevalencia de ataques físicos e psicoemocionais foron relativamente baixas. Sen embargo, os abusos relacionados con tácticas de control e acoso aparecen cunha frecuencia moi elevada. Ademais, esta clase de abusos parecen estar facilitados pola interiorización de ideas sexistas e crenzas irracionais sobre o amor, cun efecto máis notable no sexo masculino. As actitudes machistas animarían a utilizar a violencia como medio para exercer poder e dominar á parella. Paralelamente, a ideoloxía romántica representa algunhas estratexias coercitivas como unha mostra de compromiso cara a relación, facendo máis probable que sexan empregadas e toleradas polo individuo.

Recálcase a necesidade de seguir traballando no desmantelamento dos estereotipos de xénero tradicionais e na construción dun modelo de relación amorosa afastado dos tópicos nocivos do ideal romántico, en vistas a previr a violencia en parellas xoves.

Palabras chave: Violencia no noivado, abusos psicolóxicos de control, actitudes sexistas, mitos do amor romántico, xuventude.

Resumen

La violencia en parejas jóvenes constituye un fenómeno alarmante debido a sus elevadas cifras de prevalencia y las consecuencias que acarrea dichas agresiones para la salud de las personas involucradas. La teoría feminista denuncia que las falacias que propugna el amor romántico, junto con las creencias sobre la supuesta inferioridad de la mujer como grupo humano, promueven dinámicas de dominación-sumisión dentro de la pareja y facilitan la aparición de los abusos. Partiendo de esta perspectiva, se busca indagar en el papel que juegan las actitudes sexistas y los mitos sobre el amor en la violencia durante el noviazgo.

Para ello, se cuenta con una muestra de 413 jóvenes gallegos, 91 hombres y 322 mujeres, que cuentan con alguna experiencia en relaciones amorosas. Los participantes cubrieron diversos cuestionarios vía *online* que medían las variables objetivo, como las agresiones cometidas y sufridas en el contexto de pareja.

Las tasas de prevalencia de ataques físicos y psicoemocionales fueron relativamente bajas. Sin embargo, los abusos vinculados con tácticas de control y acoso aparecen con una frecuencia preocupante. Además, esta clase de abusos parecen estar facilitados por la interiorización de ideas sexistas y creencias irracionales sobre el amor, con un efecto más notable en el sexo masculino. Las actitudes machistas animarían a utilizar la violencia como medio para ejercer poder y dominar a la pareja. Paralelamente, la ideología romántica representa algunas estrategias coercitivas como una muestra de compromiso con la relación, haciendo más probable que sean empleadas y toleradas por el individuo.

Por último, recalcar la necesidad de seguir trabajando en el desmantelamiento de los estereotipos de género tradicionales, así como en la construcción de un modelo de relación amorosa alejado de los tópicos nocivos del ideal romántico, a fin de prevenir la violencia en parejas jóvenes.

Palabras clave: Violencia en el noviazgo, abusos psicológicos de control, actitudes sexistas, mitos del amor romántico, juventud.

Abstract

Dating violence is an alarming issue due to its high prevalence and the serious damage it causes to the people's health involved in it. Feminist theory claims that romantic myths about love and sexist beliefs about the woman's inferiority contribute to the establishment of a relationship structure where one partner is dominated by the other. In turn, this leads to the emergence of abuses during the courtship. This research investigates the role that sexist attitudes and irrational ideas about love play in dating violence.

To this end, 413 young people were recruited (91 men; 322 women), who have had at least one dating experience. Participants completed one *online* survey which measured target variables of the investigation, namely aggressions perpetrated and suffered during the courtship.

Prevalence ratios of physical and emotional assaults were low compared to previous researches. However, violence associated with control tactics and harassment became too frequent. This type of abuses seems to be facilitated by the acceptance of sexist ideals and irrational beliefs about love, specially among men. Sexist attitudes promote the use of violence in order to assert power and dominate the intimate partner. Romantic myths also lead to interpret some coercive strategies as a sign of commitment to the relationship, thereby facilitating that young people conduct and tolerate those aggressive behaviours.

Prevention programs of dating violence must keep working on the breakdown of traditional gender stereotypes. Furthermore, there is a need to focus on the construction of an alternative relationship model for young people, which excludes the toxic topics of the romantic love.

Keywords: Dating violence, psychological control abuses, sexist attitudes, romantic myths about love, youth.

1 Introducción e marco teórico

1.1 Concepto e trazos distintivos da violencia durante o noivado

A *Violencia na parella* (VP) defínese como calquera ameaza ou agresión efectiva de carácter físico, psicolóxico ou sexual, así como tácticas de coerción e acoso, dirixidas cara o compañeiro/a íntimo/a, actual ou pasado, co que se mantén ou mantivo unha relación amorosa que implica certo grado de proximidade persoal (Breiding, Basile, Smith, Black e Mahendra, 2015).

Dentro desta definición global atópase a denominada *Violencia no noivado* (VN), que alude a aquelas situacións de maltrato acaecidas en parellas formadas por adolescentes ou xoves¹ (Rubio-Garay, Carrasco, Amor e López-González, 2015).

Pese a que comparten factores de risco ca violencia que ocorre no seo de parellas adultas (por exemplo, abuso de alcohol, antecedentes de violencia intrafamiliar, celos), a VN presenta unha serie de características distintivas que a fan merecedora dunha análise específica e separada. A maioría destas particularidades están relacionadas ca idade dos implicados, que coincide cunha etapa de fortes cambios biolóxicos, psicolóxicos e sociais, na que xorden necesidades de intimidade que acostuman satisfacerse a través de relacións amorosas (Montgomery, 2005).

Normalmente, as parellas adultas conforman unha unidade familiar que implica altas cotas de compromiso entre os cónxuxes. A presenza de fillos ou a dependencia económica son aspectos que frean ós adultos á hora de romper a relación marital, pero non soen estar presentes en noivados adolescentes² (Carlson, 1987).

Os adolescentes outorgan un gran peso ás opinións dos iguais para determinar a propia valía persoal. Dado que o establecemento dunha parella se percibe como un signo de madurez e *estatus*, os máis xoves senten unha elevada presión social de cara a iniciarse nestas

¹ A Organización das Nacións Unidas define a xuventude como o período de crecemento e desenvolvemento humano que abarca entre os 15 e 24 anos, compartindo franxa de idade ca adolescencia, que se utiliza para referirse a persoas de entre 10 e 19 anos.

² Precisamente, a crianza dos fillos, a situación económica e o reparto das tarefas domésticas constitúen focos de conflito en matrimonios adultos, pero non son motivo de discusión entre xoves (Carlson, 1987)

experiencias amorosas, e incluso poden preferir continuar nunha relación violenta antes que someterse ó xuízo dos seus compañeiros (Shorey, Cornelius e Bell, 2008). Ademais, durante a adolescencia constatase unha maior rixidez e adherencia ós roles de xénero tradicionais, tomándoos como unha guía para saber o que se espera deles no contexto de parella e como deben actuar. Elo pode levar a adoptar condutas de control e dominación sobre o compañeiro sentimental por asumir o estereotipo de masculinidade, ou ben aceptar estes comportamentos e amosar actitudes de submisión acordes co prototipo de feminidade (Latzman, D’Inverno, Niolon, Reidy, 2018).

Por último, ao ser o período no que comezan os primeiros acercamentos íntimos, na xuventude asúmese unha visión excesivamente idealizada e romántica sobre o amor (Mulford e Giordano, 2008). Así pois, a aparición dos primeiros conflitos orixinará un profundo desengano e frustración, que sumado á falta de habilidades de comunicación, conduce a estratexias desadaptativas e mesmo agresivas para solucionar os problemas de parella.

1.2 Prevalencia e consecuencias da violencia no noivado

Nas últimas décadas, a investigación sobre a VN foi en aumento, motivada polas elevadas taxas de prevalencia observadas en diversos países e contextos culturais³ (Straus, 2004). Pese a existir unha gran variabilidade de datos, os abusos físicos parecen estar presentes como mínimo nunha de cada dez parellas xoves, mentres que a violencia psicolóxica ou emocional estaría aínda máis estendida (Leen *et al.*, 2013).

Os estudos con poboación española adolescente tamén reportan datos alarmantes, pois arredor do 90% admiten efectuar agresións verbais ou psicolóxicas contra a súa parella, e un 40% implícase en actos de violencia física, aínda que a maioría son de carácter leve (Muñoz-Rivas, Graña, O’Leary e González, 2007; Fernández-Fuertes e Fuertes, 2010). A última Macroenquisa de Violencia de Xénero en España revelou que case un terzo das mulleres de entre 16-24 anos sufriran abusos psicoemocionais a mans das súas parellas, e ademais consolidábanse como o grupo de maior risco de cara a sufrir violencia sexual (Delegación del Gobierno para la Violencia de Género, 2019).

³ A maioría dos estudos realízanse sobre parellas heterosexuais, de xeito que as agresións cometidas por homes implican lesións sobre as mulleres, e viceversa.

Xeralmente non se atopan diferencias significativas entre sexos no número de agresores/vítimas en parellas adolescentes, pois na maioría dos casos o maltrato é exercido por ámbolos dous membros de xeito bidireccional (Straus, 2004). No obstante, os ataques perpetrados por homes resultan máis brutais e perigosos, causando secuelas físicas e psicolóxicas de maior severidade ás súas compañeiras sentimentais (Teten, Ball, Valle, Noonan e Rosenbluth, 2009; Roberts, Klein e Fisher, 2003). Ademais, de xeito consistente obsérvase que as agresións sexuais son perpetradas eminentemente por homes e padecidas por mulleres (Rubio-Garay, López-González, Carrasco e Amor, 2017).

A VN asóciase cun amplo abanico de consecuencias prexudiciais para a saúde das persoas implicadas, especialmente na vítima, pero tamén na figura do agresor (Park, Mulford e Blachman-Demner, 2018). As persoas que sofren abusos a mans da súa parella amosan un marcado deterioro na súa saúde mental, manifestado fundamentalmente a través de síntomas de depresión e abuso de substancias como alcohol, marihuana e tabaco (Banyard e Cross, 2008; Exner-Cortens, Eckenrode e Rothman, 2013).

Outros efectos derivados da vitimización aluden ó desenvolvemento de comportamentos antisociais (Foshee, Reyes, Gottfredson, Chang e Ennet, 2013), prácticas sexuais de risco e embarazos non desexados (Silverman, Raj, Mucci e Hathaway, 2001), así como un deterioro xeneralizado do funcionamento psicosocial⁴ (Park *et al.*, 2018). Por último, os pensamentos e tentativas de suicidio emerxen con frecuencia en vítimas de violencia grave, sobre todo en mulleres (Holmes e Sher, 2013).

Así mesmo, moitas agresións físicas e sexuais ocasionan lesións corporais inmediatas, algunhas das cales reverten especial gravidade para o sexo feminino (por exemplo, ósos rotos, enfermidades venéreas), probablemente porque tamén elas sofren os ataques máis brutais (Muñoz-Rivas *et al.*, 2007; Holmes e Sher, 2013), a veces incluso cun resultado de morte. Segundo os rexistros estadounidenses das últimas dúas décadas⁵, a VN cobrouse máis de mil vidas nese país, e o 85% dos casos foron mulleres asasinadas a mans do seu noivo ou ex-noivo (Adhia, Kernic, Hemenway, Vavilala e Rivara, 2019).

⁴ En mulleres vítimas da VN tamén se ten reportado un peor autoconceito, condutas excesivas de control de peso e incluso trastornos alimenticios (Teten, Ball, Valle, Noonan e Rosenbluth, 2009)

⁵ Datos procedentes das bases policiais de Estados Unidos, que se refiren aos asasinatos de persoas menores de vinte catro anos nos que foi condenada a súa parella ou ex-parella, no período comprendido entre 2003-2016

As secuelas condutuais e psíquicas acrecéntanse ca frecuencia das agresións e a concorrencia de máis dun tipo de abusos (físicos, emocionais e sexuais), que por outra banda constitúe o escenario máis habitual (Eshelman e Levendosky, 2012).

A investigación sobre os problemas asociados á perpetración de VN é moito máis escasa, pero existen evidencias sobre unha maior probabilidade de padecer trastornos depresivos e realizar condutas sexuais de risco nos xoves agresores (Park *et al.*, 2018).

Outra consecuencia preocupante da VN refírese a que favorece o establecemento dun patrón de comportamento agresivo que tenderá a repetirse con outras relacións íntimas, en etapas do desenvolvemento posteriores (Greenman e Matsuda, 2016; Exner-Cortens, Eckenrode, Bunge e Rothman, 2017). Así pois, aqueles individuos que sufriron abusos a mans do seu mozo/a durante a adolescencia, teñen máis probabilidades de sufrilas na xuventude tardía, pero tamén de converterse eles mesmos en agresores (Herrenkohl, Costerman, Mason e Hawkins, 2007; Cui, Ueno, Gordon e Fincham, 2013).

Aínda máis desalentadores son os estudos que apuntan a unha escalada na intensidade da violencia ao cabo do tempo, encontrando unha progresión dende agresións psicolóxicas no noivado xuvenil, a ataques físicos despois de consolidarse a unión matrimonial (Murphy e O'Leary, 1989). De feito, a implicación en VN vinculouse tamén cun maior risco de sufrir vitimización na etapa adulta en relacións maritais consolidadas⁶ (Exner-Cortens *et al.*, 2017).

En síntese, as consecuencias derivadas da VN non se limitan a lesións corporais inmediatas, senón que pode afectar negativamente á saúde física e mental da vítima a longo prazo, ao mesmo tempo que instala un patrón de interacción violenta ca parella que o individuo tenderá a repetir noutras relacións. Ademais, os problemas varían en función do sexo que padece os abusos, tendo un impacto máis profundo nas mulleres. Tomando en consideración estes descubrimentos, algúns organismos optaron por catalogar a violencia No noivado como un *problema de saúde pública* (Center for Disease Control and Prevention, 2014), e a súa abordaxe e prevención debería ser unha labor prioritaria para os actores políticos e sociais.

⁶ Extraído de estudos lonxitudinais que mediron a VN en mostras de adolescentes entre 18-20 anos e volveron a entrevistar ós mesmos suxeitos na década dos trinta (Greenman e Matsuda, 2016; Exner-Cortens *et al.*, 2013).

1.3 Teorías explicativas da violencia no noivado: Perspectiva feminista

Existen diversas teorías que pretenden explicar a VN, cada unha delas centrada nunha dimensión distinta do fenómeno. Os modelos teóricos que contan cunha maior relevancia e calado son a *Teoría da aprendizaxe social* e a *Teoría feminista*⁷.

A *Teoría da aprendizaxe social* propón que as pautas de interacción en parella se aprenden mediante imitación das condutas observadas nos adultos que actúan como modelos, principalmente no eido familiar (Bandura, 1977). Deste modo, os nenos que presencian violencia doméstica ou sofren abusos directamente, interiorizarán este tipo de comportamento como aceptable e útil para resolver os problemas, e polo tanto será máis probable que repliquen as agresións en contextos de relacións amorosas posteriores (Dardis, Dixon, Edwards e Turchik, 2015).

Varias investigacións constatan unha maior proclividade cara as agresións en parella por parte de persoas que creceron en fogares marcados pola violencia (Foshee, Bauman e Linder, 1999). Sen embargo, elo non significa que todos os nenos que sofren abusos vaian a mostrar condutas antisociais. De feito, o modelo reconece que os detonantes directos da violencia se deben a factores contextuais (por exemplo, abuso de alcohol), e polo tanto a intervención sobre estes aspectos permitiría neutralizar o risco derivado do historial de violencia intrafamiliar (Riggs e O'Leary, 1996).

Entre os modelos de corte sociocultural destaca a *Teoría feminista*, que aborda a violencia no noivado dende unha perspectiva de xénero. Segundo os seus postulados, a sociedade patriarcal moderna estrutúrase en torno a un desequilibrio de poder entre os sexos. O home ocuparía unha posición privilexiada e dominante, mentres que ás mulleres se lles asigna un rol submiso e subordinado que as fai máis vulnerables a sufrir agresións a mans das súas parellas masculinas (Ortega e Sánchez, 2011).

A VN sería un reflexo desta desigualdade social e institucional entre os sexos, e serviría como unha estratexia para reafirmar a superioridade do home e seguir exercendo o control sobre a muller, no contexto dunha relación amorosa (Dardis *et al.*, 2015). Dende esta óptica, as agresións cometidas por mulleres non buscan someter ó seu compañeiro nin teñen a

⁷ A Teoría do apego tamén se ten empregado para explicar a VN, argumentando que os menos que crecen en ambientes de maltrato constrúen un esquema mental das relacións afectivas baseado nunha dicotomía subordinación-dominación. O individuo identificarase como vítima ou agresor e buscará a outra persoa con ideais similares para que adopte o rol complementario, perpetuándose así a violencia (Shorey *et al.*, 2008).

mesma capacidade para xerar un contexto de terror que dobregue a súa vontade, xa que non existe unha orde sociocultural que ampare esta violencia. Pola contra, os ataques perpetrados polos varóns están apoiados e mesmo xustificados por uns ideais machistas que aínda perduran no sistema actual. En moitos casos, as accións violentas pretenden oprimir á vítima e inducir nela un estado de medo que anule calquera intento de gañar poder ou modificar o *statu quo* dentro da relación (Shorey *et al.*, 2008).

Algunhas investigacións encontran diferencias de xénero nas razóns polas que se cometen os abusos, atribuíndo con maior frecuencia ós mozos un intento por lograr control ou atemorizar á parella (Makepeace, 1986; Leen *et al.*, 2013), mentres que elas soen explicar a agresión aducindo á defensa propia ou como resposta a unha traizón por parte do outro (Allen, Swan e Raghavan, 2009; Flynn e Graham, 2010).

Por outra parte, a literatura reporta consistentemente secuelas físicas e psicolóxicas moito máis graves en mulleres vítimas de VN, en comparación cos varóns (Teten *et al.*, 2009; Holmes e Sher, 2013), ao que se suman as agresións sexuais dirixidas case exclusivamente cara elas (Rubio-Garay *et al.*, 2017) e o alto porcentaxe de feminicidios adolescentes perpetrados polo noivo da vítima (García, Soria e Hurwitz, 2007). Outro estudo novidoso amosou que aqueles Estados nos que existe unha maior desigualdade social entre sexos presentaban cifras máis altas de vitimización física en mulleres adolescentes⁸, pero non en homes (Gressard, Swahn e Teten, 2015). A todo elo engádese a estreita relación que se observa entre a VN e a aceptación dos estereotipos de xénero tradicionais ou actitudes sexistas (Latzman *et al.*, 2018).

Por todo elo, parece evidente a necesidade de adoptar unha perspectiva de xénero na análise da violencia no noivado (Reed, Raj, Miller e Silverman, 2010), sen que elo implique negar a relevancia das experiencias e historial evolutivo individual, sobre o que se sustentan outras teorías. De feito, os presupostos de ambos modelos son perfectamente compatibles e axudan a entender o fenómeno da VN con maior precisión e amplitude⁹ (Rothman, 2018).

⁸ A igualdade social e institucional entre sexos medíase a través de índices de representación política, participación no mercado laboral ou éxito académico.

⁹ Por exemplo, as actitudes machistas favorables á discriminación e violencia/control sobre a muller poderían adquirirse ou verse potenciadas pola observación desta clase de actos no entorno familiar, onde se localizan os principais modelos de conduta (Lichter e McCloskey, 2004).

1.4 Estereotipos de xénero, actitudes sexistas e violencia no noivado

Os postulados feministas realizan unha crítica feroz sobre os estereotipos de xénero tradicionais, que marcan unhas expectativas socioculturais contrapostas sobre a conduta que sería apropiada para homes e mulleres (Latzman *et al.*, 2018).

A socialización diferencial por sexos ten un efecto facilitador na utilización e aceptación da violencia contra a parella (Wekerle e Wolf, 1999). Os estereotipos de xénero tradicionais incitan ós homes a mostrarse agresivos, autoritarios e competitivos, ao mesmo tempo que animan ás mulleres a amosar actitudes pasivas, obedientes e compracentes.

Así pois, os estereotipos de xénero constrúense en torno a ideas sexistas sobre a inferioridade da muller como grupo humano, potenciando e xustificando a discriminación contra elas. A adherencia a estes modelos conduce a un desequilibrio de poder dentro da parella, que privilexia ao home e contribúe a manter o sometemento/discriminación da muller¹⁰ (Santoro, Martínez-Ferrer, Monreal e Musitu, 2018).

Cando un dos membros da relación exhibe condutas ou actitudes desconformes cas que lle corresponden segundo os estereotipos, o outro integrante pode interpretar estes xestos como unha ameaza para a súa identidade de xénero porque implicarían reestruturar os roles dentro da parella¹¹. Os individuos que teñen profundamente interiorizados os modelos tradicionais de xénero, tentarán frear calquera desviación con respecto a estas normas sexistas, aínda que para elo teñan que facer uso da violencia (McDermott, Naylor, McKelvet e Kantra, 2017; Byers, 1996).

En síntese, os roles de xénero tradicionais levan implícitas unhas ideas machistas e discriminatorias contra o sexo feminino por consideralo débil e inferior, contribuíndo así a perpetuar as dinámicas de dominación-submisión entre homes e mulleres nas relacións amorosas. En consecuencia, os xoves que asumen estes modelos e normas sociais parecen ter máis probabilidades de implicarse e aceptar a VN; especialmente os varóns, pois o estereotipo masculino defínese en torno á agresividade e autoritarismo.

¹⁰ A adherencia ós estereotipos de xénero tradicionais tamén alimenta a idea distorsionada de que a muller é responsable de coidar a relación e facer que funcione, polo que se tende a culpabilizalas a elas das dificultades ou conflitos na parella (Wekerle e Wolf, 1999)

¹¹ Pese a que estas hipóteses soen enfocarse nos ataques exercidos por varóns, as mozas tamén poden reaccionar de xeito agresivo cando perciben unha ameaza para a súa identidade de xénero feminina (Dardis *et al.*, 2015).

As propostas teóricas modernas conveñen en diferenciar dúas clases de actitudes sexistas, que indican o grao de aceptación cara os roles tradicionais de xénero (Glick e Fiske, 1997). En primeiro lugar, o *sexismo hostil* correspóndese co machismo histórico, e aglutina unha serie de prexuízos que asumen a inferioridade do sexo feminino, e describen á muller como un ser perverso que trata de competir polo poder que ostentan os homes.

En épocas recentes, coincidindo co auxe do movemento feminista, xorde un sexismo máis sutil e implícito que pasa desapercibido incluso para a propia persoa (Forbes, Adams-Curtis e White, 2004). O *sexismo benevolente* proxecta unha visión positiva das mulleres porque as considera como un complemento necesario para que o home acade a autorrealización. Así pois, evoca actitudes condescendentes e condutas paternalistas ca muller, por considerala como o sexo débil necesitado de protección (Glick e Fiske, 1997). No obstante, estas actitudes seguen baseándose nos estereotipos de xénero tradicionais e polo tanto serven como xustificación para manter o control e discriminación cara as mulleres, confinándoas ó rol de coidadoras e favorecendo a súa dependencia con respecto do home.

Todos estes supostos contan cun considerable respaldo empírico que sinala a aceptación dos estereotipos de xénero tradicionais e as actitudes sexistas como factores de risco de primeiro orde de cara a aprobación, xustificación e uso da VN (Ramiro-Sánchez, Ramiro, Bermúdez e Buela-Casal, 2018; Leen *et al.*, 2013; Lee, Begun, DePrince e Chu, 2016).

Estas actitudes de aprobación ante a VN non só incrementan o risco de perpetrar abusos en parella, senón que tamén dificultan que os xoves se recoñezan a si mesmos como vítimas de VN, e polo tanto impide que reaccionen contra os ataques (García-Díaz *et al.*, 2018). Diversos estudos recollen o nivel de sexismo hostil como un dos mellores preditores da tolerancia ante o acoso sexual entre xoves (Russell e Trigg, 2004; Fernández-Fuertes, Carcedo, Orgaz e Fuertes, 2018). As actitudes sexistas tamén aparecen ligadas ca xustificación da violencia doméstica, a minimización da gravidade destes actos e a tendencia a atribuír a culpa á vítima, tanto en mulleres como en homes (Garaigordobil e Aliri, 2013).

No que respecta á relación directa entre actitudes sexistas e VN, algunhas investigacións realizadas unicamente con varóns, atoparon que os protagonistas de agresións físicas, sexuais e psicolóxicas graves contra a parella mostran unha marcada adherencia ó estereotipo de masculinidade tradicional, así como crenzas machistas sobre a dominación do home sobre a muller (Ozaki e Otis, 2016; Santana, Raj, Decker, La Marche e Silverman, 2006).

As crenzas machistas tamén se asociaron cunha maior frecuencia de abusos contra á parella a través das redes e medios audiovisuais¹² (Reed, Ward, Tolman, Lippman e Seabrook, 2018; Rodríguez-Domínguez, Durán e Martínez-Pecino, 2018).

Noutros estudos con mostras mixtas, comprobouse que os adolescentes cunha maior puntuación en *sexismo hostil* efectúan máis ataques verbais e relacionais contra a parella, e utilizan con frecuencia as ameazas e forza física para lograr o contacto sexual (Pazos, Oliva e Hernando, 2014; Fernández-Fuertes *et al.*, 2018; León-Ramírez e Ferrando, 2015). No obstante, outros autores unicamente atoparon estas correlacións para o caso dos varóns (Forbes e tal., 2004; Anacona, González, Sánchez e Saavedra, 2017), suxerindo un efecto diferencial entre sexos.

Por último, outros artigos reportan unha pobre asociación entre as actitudes sexistas e a perpetración de abusos contra a parella (Rojas-Solís e Carpintero, 2011; Ibabe, Arnos e Elgorriaga, 2016), ou directamente non observan ningunha correlación significativa (Forbes e Adams-Curtis, 2001). Debido á variabilidade de resultados, precísase máis investigación neste eido para determinar a influencia das crenzas machistas sobre a VN en cada xénero.

1.5 Mitos sobre o amor romántico

Ademais dos estereotipos de xénero, as crenzas comunmente compartidas acerca da natureza do amor tamén xogan un papel relevante no comportamento despregado polos xoves durante o noivado. A definición de *amor romántico* serve como unha guía que prescribe os sentimentos asociados ao namoro, cara quen han de proxectarse e como deben manifestarse condutualmente ditos sentimentos, ademais de aportar claves para interpretar os actos do outro no seo da parella (Rose, 2000). Os xoves que interiorizan as crenzas socioculturais sobre o amor construírán á súa relación erótico-afectiva de acordo con tales estándares.

No obstante, o modelo de amor romántico actual xira en torno a unha serie de mitos afastados da realidade que poden resultar bastante nocivos. Os mitos consisten en crenzas irracionais cunha elevada carga emotiva, formuladas como verdades absolutas, pero que en realidade resultan imposibles de cumprir (Ferrer, Bosch e Navarro, 2010).

¹² Nas mulleres, a VN manifestábase mediante condutas de vixilancia, mentres que os varóns tendían a unha agresividade máis directa e tácticas coercitivas de carácter sexual, como presionar á noiva para obter material erótico (Reed *et al.*, 2018)

Así pois, a interiorización deste sistema de crenzas leva a asumir expectativas irreais sobre a relación de parella que, ao non verse cumpridas, xeran frustración nas persoas e poderían incluso facilitar a aparición de abusos dentro da parella (González-Ortega, Echeburúa e De Corral, 2008). A continuación, descríbense algúns dos principais mitos do amor romántico e as súas consecuencias negativas (Bosch *et al.*, 2007):

- Mito da media laranxa, afirma que cada persoa ten unha parella predestinada que constitúe a elección ideal. A asimilación desta idea conduce a tolerar actos desprezables do/a compañeiro/a sentimental e sacrificar o propio benestar con tal de manter a relación, por considerala como a única alternativa viable.
- Mito da omnipotencia, ditamina que o *amor verdadeiro* pode salvar calquera obstáculo procedente do interior ou exterior da relación. O individuo podería negarse a abandonar unha relación violenta ao estar convencido de que, poñendo o suficiente empeño e esforzo, conseguirá solucionar os problemas da relación ou cambiar a conduta do outro, baseándose nesta suposta omnipotencia do amor.
- Mito dos celos, que directamente invita a aceptar/xustificar certas condutas coercitivas dentro da relación romántica, presentándoas como unha proba de compromiso. A romantización dos celos resulta particularmente lesiva e problemática en adolescentes porque estas emocións soen actuar como un disparador da VN (Fernández-Fuertes e Fuertes, 2010).
- Mito da compatibilidade amor-maltrato, sobre a posibilidade de exercer certas doses de violencia contra a parella, e mesmo interpretar ditas agresións como indicador de *amor verdadeiro*.

Ademais, o ideario romántico reflicte e complementa os mandatos tradicionais de xénero, pois soe representar á muller nunha posición de dependencia/subordinación ante o home, ao que debe amar por enriba de todo (Esteban e Távora, 2008). A través dunha narrativa de conto de fadas, proxéctase á muller como un personaxe incapaz de valerse por si mesmo, necesitado da protección do home para autorrealizarse e ser feliz (Wood, 2001).

Ademais, o mandato de xénero feminino impón unha relevancia extrema ó vínculo de parella; preséntase ó amor como un eixo vertebrador do proxecto vital da muller, un aspecto

que deben salvaguardar a toda costa, aínda que para elo teñan que facer grandes sacrificios¹³ (Ferrer e Bosch, 2013). Deste modo, algunhas xoves preferirán manterse nunha relación violenta antes que arriscarse a perder á parella, ao concibila como un pilar fundamental da súa vida.

Neste senso, algunhas investigacións empíricas localizaron as trampas do amor romántico no discurso que daban mulleres adultas superviventes sobre os motivos polos que non lograban abandonar a situación de maltrato (Hayes e Jeffries, 2013; Power, Koch, Kralik e Jackson, 2006). Concretamente, a tendencia a identificar os celos como un xesto de amor por parte do maltratador, así como a crenza de que podería frear os abusos se amaba o suficiente ou se comportaba correctamente¹⁴, actuaban como freos para saír do círculo de violencia.

No obstante, resultan escasos os estudos enfocados en adolescentes, a pesar de que poderían ser máis propensos a asumir estas crenzas irracionais sobre o amor romántico porque carecen de experiencias persoais cas que contrastar estes esquemas (González-Ortega *et al.*, 2008). Ademais, esta visión idealizada das relacións de parella transmítese a miúdo a través de obras cinematográficas e literarias que se dirixen fundamentalmente ó público xuvenil (Collins e Carmody, 2011; Bonomi, Altenburger e Walton, 2013).

De feito, as investigacións con poboación xove española amosan altas taxas de aceptación na maioría dos mitos sobre o amor romántico (Cerro e Vives, 2019; Ferrer *et al.*, 2010). Nas mulleres soen estar máis arraigadas aquelas referidas á omnipotencia do amor, mentres que os rapaces amosan maior acordo co mito dos celos e a compatibilidade do amor-maltrato¹⁵ (Carbonell e Mestre, 2019; Rodríguez-Castro, Lameiras-Fernández, Carrera-Fernández e Vallejo-Medina, 2013).

Ademais, os mesmos estudos atoparon correlacións entre a asunción dos mitos do amor romántico e as actitudes sexistas, especialmente co sexismo benevolente, polo que poderían

¹³ No prototipo masculino, pese a ser importante, o amor non ocupa unha posición tan central porque comparte espazo cas aspiracións profesionais e sociais, ademais de valorarse positivamente a autonomía.

¹⁴ Manifestación clara do mito sobre a omnipotencia do amor.

¹⁵ En opinión das autoras, estas tendencias reflicten á perfección os mandatos de xénero, xa que os varóns interiorizan os ideais que os colocan nunha posición dominante, normalizando os celos e outras actitudes de control como método para manter o poder sobre elas.

estar axudando a lexitimar un discurso discriminatorio contra a mulleres, ao favorecer unha visión delas como o sexo débil (Carbonell e Mestre, 2019; Wood, 2001).

Algunhas investigacións sinalan que as crenzas sobre o amor romántico favorecen a xustificación de condutas controladoras e minimizan a percepción de risco sobre a VN cometida a través das redes sociais (Sánchez-Hernández, Herrera-Enríquez e Expósito, 2020). Así mesmo, a probabilidade de ser vítima de VN a través da rede aumentaba en xoves que asumían unha visión distorsionada e idealizada do amor (Víllora, Navarro e Yubero, 2019). Os mitos románticos favorecerían así a normalización de pautas coercitivas por parte da parella (por exemplo, control sobre a propia vestimenta), e polo tanto facilitan a súa repetición e mantemento no tempo (Chung, 2005).

Papp *et al.* (2017) observaron que a asunción das crenzas románticas sobre o amor levaba a outorgar un significado positivo a condutas perigosas de retención procedentes da parella (por exemplo, chantaxe emocional, vixilancia sobre a actividade diaria), ao mesmo tempo que aumentaba o risco de ser vítima doutros abusos psicolóxicos.

A propia persoa tamén pode utilizar o razoamento de que determinadas agresións psicolóxicas son unha mostra de compromiso/afecto para así autoxustificar os seus actos. Neste senso, diversos estudos revelaron que os adolescentes que interiorizaron os mitos do amor romántico realizaban un control estrito da parella mediante as redes sociais e tamén perpetraban ataques directos, como insultos ou humillacións públicas (Borrajo, Gámez-Guadix e Calvete, 2015; Cava, Martínez-Ferrer, Buelga e Carrascosa, 2020a).

A pesar do profuso desenvolvemento teórico sobre o potencial efecto dos mitos románticos na VN, os estudos empíricos que aborden esta problemática resultan escasos e céntranse case exclusivamente nas agresións cometidas a través das redes sociais. Así pois, requírese de maior investigación neste ámbito para desentrañar o papel das crenzas irracionais sobre o amor nun grupo de idade particularmente exposto a tales mensaxes.

2 Obxectivos e hipóteses

Utilizando unha mostra de xoves galegos, o primeiro obxectivo deste estudo radica en determinar a frecuencia e concorrencia das diferentes modalidades de violencia no noivado (violencia psicolóxica de control, violencia psicoemocional e violencia física).

Atendendo a estatísticas anteriores, espérase atopar unha maior incidencia de abusos de carácter psicolóxico, a bastante distancia das agresións físicas. Ademais, indagarase nas diferencias no número de agresores e vítimas en función do sexo.

En segundo lugar, preténdese determinar o papel que xogan as actitudes sexistas e a aceptación dos mitos sobre o amor romántico na VN exercida e padecida en cada un dos sexos.

Dende o punto de vista teórico, a aceptación dos mitos sobre o amor romántico conduciría a xustificar certas dinámicas violentas como aceptables ou incluso desexables dentro da parella. Con elo, podería impulsarse a execución de tales abusos e incrementarse a tolerancia ante eles, facilitando a continuidade da VN.

Á vista da literatura previa sobre o tema, espérase que o sexismo hostil actúe como un preditor das agresións para ambos sexos en todas as modalidades de VN. No obstante, debería ter un maior peso nos ataques perpetrados por varóns, en tanto que inclúe crenzas distorsionadas e negativas sobre o papel da muller como ser inferior e polo tanto facilita as agresións contra elas. En contraposición, o sexismo benevolente debería manter unha relación tenue ca VN cometida, pois identifica ó sexo feminino como débil e necesitado de protección.

3 Método

3.1 Participantes

Os suxeitos foron invitados a participar no estudo a través dun enlace web que redirixía a unha enquisa virtual. Neste senso, utilizouse unha técnica de mostreo non probabilística co método bola de neve. O investigador principal distribuíu a enquisa entre os seus contactos, que á súa vez remitírona aos seus coñecidos, e así progresivamente.

En vistas a decidir o rango de idade dos participantes, tomouse como punto de partida a definición aportada pola ONU, que localiza o fin da etapa da xuventude nos 24 anos. No obstante, a propia organización recoñece a arbitrariedade do criterio e a falta dun criterio universal para delimitar este período do desenvolvemento. Por este motivo, o presente estudo adoptou un rango flexible de idade que abarcou dos 12 aos 27 anos, unha medida intermedia tendo en conta que algúns estudos estenden a idade da mostra máis aló dos trinta anos (Straus, 2004; Rubio-Garay *et al.*, 2017).

Pese a que o estudo da VN en persoas bisexuais e homosexuais suscita unha enorme interese, o presente traballo só abarca parellas heterosexuais. Elo débese a que unha vez rematada a recollida de datos, o escaso número de participantes con relacións homosexuais non permitía efectuar unha análise estatística con suficientes garantías.

Así pois, os criterios de inclusión que se estableceron para formar parte do estudo foron non superar os 27 anos de idade e ter mantido polo menos unha relación de noivado ao longo da xuventude¹⁶ cunha persoa de distinto sexo.

A mostra estivo conformada por un total de 413 persoas, das cales 91 eran homes e 322 mulleres. A media de idade global foi de 21'73 anos, cun rango que oscilaba dos os 17 aos 27 anos¹⁷. A desviación típica para a idade localizouse en $Dst.=2'035$ (Táboa 1).

A ampla maioría dos participantes contaba cun nivel de estudos elevado, universitario ou superior, e ningunha persoa reportou un nivel inferior á Educación Secundaria (Táboa 2).

¹⁶ En caso de manter una relación no momento de cumprimentar a enquisa, a persoa debía referirse a ela, senón podía falar dunha parella pasada.

¹⁷ $Dst.$ = Desviación estándar μ = Media

Por último, o 62'2% da mostra total (257 participantes) estaba inmerso nunha relación de parella no momento de cumprimentar a enquisa e polo tanto referiuse a condutas actuais.

Táboa 1: Estadísticos descritivos para a idade da mostra

	N	Media Idade	Rango Idade	Desv. Típica
Homes	91 (22%)	21'78	18-27	2'133
Mulleres	322 (78%)	21'71	17-27	2'009
Total	413	21'73	17-27	2'035

Táboa 2: Estadísticos descritivos sobre o nivel de estudos da mostra¹⁸

	Homes		Mulleres		Total	
	N	Porcentaxe	N	Porcentaxe	N	Porcentaxe
Educación secundaria	3	3'3%	3	0'9%	6	1'5%
Formación profesional (Ciclo Medio)	3	3'3%	4	1'2%	7	1'7%
BAC/FPU	7	7'7%	17	5'3%	24	5'8%
Grao universitario	66	72'5%	255	79'2%	321	77'7%
Estudos de posgrao	12	13'2%	43	13'4%	55	13'3%
	91		322		413	

3.2 Materiais

En vistas a contrastar as hipóteses propostas, deseñouse unha investigación empírica de carácter transversal. A medición e cuantificación das variables obxecto de estudo realizouse a través dos seguintes instrumentos psicométricos¹⁹:

¹⁸ A segunda e terceira columna sinalan a porcentaxe de varóns e mulleres en cada nivel educativo tomando como referencia o número total de persoas do seu mesmo sexo (N Homes = 100; N Mulleres = 351).

¹⁹ No apartado de Anexos está dispoñible una copia dos cuestionarios empregados.

- Escala de Sexismo Ambivalente (ASI), traducida e adaptada a poboación xove española (Expósito, Moya e Glick, 1998). Composta de 22 afirmacións que describen actitudes sexistas sobre o papel da muller na sociedade e a súa identificación como grupo débil ou inferior. O suxeito expresa o seu nivel de acordo co enunciado exposto nunha escala tipo Linkert con seis alternativas de resposta, na que as puntuacións máis altas reflicten maior aceptación. O cuestionario agrúpase en torno a dous subfactores que se corresponden co *Sexismo hostil* (α Crombach SH=0'89) e *Sexismo benevolente* (α Crombach SB=0'86), cada un deles inclúe once ítems e acadaron bos índices de fiabilidade nos estudos orixinais. A escala tamén amosou datos favorables en canto á súa validez converxente con outras que miden construtos similares.
- Escala sobre Mitos do Amor Romántico, deseñada para poboación española e validada con adolescentes galegos (Rodríguez-Castro *et al.*, 2013). O cuestionario recolle sete afirmacións ou frases feitas que reflicten os mitos clásicos sobre o amor máis arraigados neste grupo de idade. A persoa debe valorar a afirmación nunha escala de cero a cinco puntos en formato Linkert, de modo que unha puntuación alta reflicte un maior grao de acordo. Concretamente, a escala valora a asunción dos mitos dos celos, media laranxa, paixón eterna, omnipotencia do amor e compatibilidade amor-maltrato²⁰. Os catro primeiros mitos agrúpanse en torno á subescala de *Idealización do amor* (α Crombach=0'65), mentres que outra dimensión do instrumento alude á crenza sobre a *Vinculación Amor-Maltrato* (α Crombach=0'78).
- Escala Multidimensional de Violencia no Noivado (EMVN), deseñada e validada en poboación española (García-Carpintero, Rodríguez-Santero e Porcel-Gálvez, 2018). O cuestionario componse dun total de 64 ítems que describen diferentes condutas violentas ou agresivas levadas a cabo por un membro da parella sobre o outro. As preguntas presentan un formato tipo Linkert con seis opcións de resposta que recollen o número de veces nos que se levou a cabo a conduta, de modo que canto máis alta sexa a puntuación, con maior frecuencia aparecen. O cuestionario abarca tanto a *Violencia exercida*, o número de veces que o propio individuo cometeu a agresión; como a *Violencia padecida*, onde ha de indicar a frecuencia ca que sufriu os mesmos

²⁰ O mito do matrimonio, que afirma que o amor romántico debe conducir á unión estable da parella durante toda a vida mediante a institución do matrimonio, e o mito do emparellamento, que define a separación ou divorcio como un fracaso, non están incluídos na versión por ser aspectos demasiado afastadas da realidade dos xoves (Rodríguez-Castro *et al.*, 2013).

abusos a mans da súa parella. Cada dimensión consta de 32 ítems idénticos, que distinguen tres factores ou tipos de VN: *Violencia física-sexual*, *Violencia psicoemocional* e *Violencia psicolóxica de control/acoso*. Na investigación orixinal observáronse índices elevados de fiabilidade en tanto na subescala de violencia exercida (α Crombach=0'93), como na violencia padecida (α Crombach=0'91).

A EMVN permite superar certas limitacións dos instrumentos classicamente utilizados para estudar a VN porque toma en consideración a frecuencia ca que ocorren os ataques. Ademais, avalía a violencia psicolóxica de control, ausente na maioría dos cuestionarios habituais (Anaconda *et al.*, 2017), a pesar de que os datos a colocan como unha das máis frecuentes entre a xuventude²¹ (Delegación del Gobierno para la Violencia de Género, 2019).

A recollida de información sociodemográfica realizouse a través dun formulario creado *ad hoc* no que se preguntou polo sexo propio e da parella, orientación sexual, idade e nivel de estudos e outros aspectos relevantes para a caracterización da mostra.

3.3 Procedemento

As escalas descritas foron traspasadas a un formato electrónico para poder ser aplicadas mediante a plataforma virtual *Google forms*. A través dun enlace web que se compartiu e difundiu en diversas redes sociais, os suxeitos acceden e completan a enquisa dende dispositivos con conexión a Internet.

A fin de evitar que a mesma persoa contestase ó cuestionario en máis dunha ocasión, a plataforma gardaba o correo electrónico do participante, despois de obter o seu permiso. No obstante, o investigador non tivo acceso ás direccións de correo electrónico da persoa, e así se lles fixo saber na propia presentación da enquisa para evitar nesgos por desexabilidade social. De feito, durante durante todo o cuestionario recalcouse a garantía de anonimato e non se recabou ningún outro dato que puidese identificar ó participante.

A enquisa virtual dividiuse en seis seccións, na primeira delas expoñíase brevemente a finalidade do estudo. Fíxose constar que o cuestionario estaba dirixido a poboación xove cun

²¹ A violencia psicolóxica de control alude a toda unha serie de condutas e tácticas coercitivas que un membro da parella pon en marcha para coartar a liberdade do outro e mantelo permanentemente baixo a súa vixilancia (por exemplo, monitorizar a súa localización, restrinxir o contacto cos seus familiares/amigos).

máximo de 27 anos e que para poder cumplimentalo tiñan que ter algunha experiencia en relacións de parella²².

Tras a presentación da enquisa, procedíase á recollida de información sociodemográfica. Nas seccións seguintes, presentábase a *Escala sobre Mitos do Amor Romántico* e a *Escala ASI*, introducindo cada unha delas cunha breve explicación sobre o seu contido e formato.

Os dous últimos apartados contiñan as preguntas sobre actos violentos no noivado, empezando pola *Violencia padecida* e rematando ca *Violencia exercida*. Os ítems das dúas seccións eran idénticos, pero cambiaban as instrucións para completala.

Unha vez rematada a fase de recollida de información, descargouse a folla de datos creada pola propia plataforma de *Google forms* e transcribiuse a unha folla de *Microsoft Excel* (formato .xlsx). Posteriormente, trasladouse a base de datos ó programa *IBM SPSS Statics* para efectuar as pertinentes análises estatísticas.

3.4 Análise

Realizáronse análises preliminares para coñecer o índice de fiabilidade de cada cuestionario e das súas correspondentes subescalas. Dado que algunhas das operacións subsecuentes realízanse separadas por sexos, tamén se extraeu o coeficiente α Crombach para o grupo de homes e para o de mulleres.

A puntuación total de cada dimensión da *Escala de Sexismo Ambivalente* e *Escala sobre Mitos do Amor Romántico* calculouse sumando o valor aportado polo suxeito en cada un dos ítems que a compoñían. No caso da EMVN o índice para cada dimensión consistiu nun promedio, a fin de facilitar o establecemento dun punto de corte para agresores/vítimas. A suma total das puntuacións en cada subescala dividiuse entre o número de ítems que a conformaban, conseguindo un valor global comprendido entre 0-5²³. Os resultados máis baixos indican pouca frecuencia nas agresións exercidas ou padecidas, mentres que uns valores elevados sinalan unha maior incidencia.

²² Aínda que se explicitaba o rango de idade admitido na presentación da enquisa, revisouse a base de datos posteriormente para asegurar que ningún superaba este marxe.

²³ Dado que os ítems están formulados nunha escala tipo Linkert de 0-5, e o resultado global de cada subescala consiste nunha media destes valores, nunca pode superar o máximo de cinco puntos.

Tomando como referencia estas medidas, realizáronse as estimacións de prevalencia, adoptando un criterio próximo á política de *tolerancia cero*. Así pois, calquera individuo cuxa puntuación total na subescala supere o valor de 1, será considerado como agresor; o mesmo punto de corte será utilizado para identificar ás vítimas na dimensión de *Violencia padecida*.

Efectuáronse análises de correlacións parciais entre os diferentes tipos de violencia exercida e padecida, controlando o posible efecto do sexo, co propósito de ter un indicador da súa concorrencia e asociación.

En vistas a coñecer o peso das diferentes variables na perpetración dos diferentes tipos de VN, realízase unha regresión lineal simple mediante o método *Step-wise*, colocando como variable dependente (VD) os diferentes tipos de *Violencia exercida*. As variables independentes (VI) foron as subescalas de *Sexismo hostil*, *Sexismo benevolente*, *Mito da idealización do amor* e *Mito da vinculación amor-maltrato*. Efectúanse análises separadas para homes e mulleres para desentrañar se existen diferencias entre sexos.

Repetiuse o mesmo proceso para coñecer os preditores da *Violencia padecida*, pero utilizando as dimensións desta escala como variables independentes.

4 Resultados

4.1 Fiabilidade dos instrumentos psicométricos

A Táboa 4 recolle os resultados das análises de fiabilidade realizados para cada unha das subescalas dos cuestionarios, tanto na mostra xeral como no grupo de homes e mulleres.

En termos xerais, obsérvase unha consistencia interna aceptable, xa que en practicamente todos os casos o índice α Crombach supera o valor de 0'7. Soamente se aprecia un lixeiro desfase no *Mito da Idealización do Amor*, pero as puntuacións están moi cerca dos estándares apropiados e tendo en conta o reducido número de ítems que conforman a subescala, estes valores son perfectamente asumibles.

Na *Escala de Sexismo Ambivalente* acádanse os mellores resultados de consistencia interna, especialmente no que respecta ó *Sexismo hostil*.

Nas dimensións de violencia exercida e padecida durante o noivado, pese a non ser excepcionalmente altos, os índices de fiabilidade sitúanse nun rango adecuado.

Táboa 3: Índices de fiabilidade das escalas empregadas

		Valor de α Crombach		
		Mostra total (N = 413)	Grupo homes (N = 91)	Grupo mulleres (N = 322)
Escala sobre Mitos do Amor Romántico	Mito da Idealización do Amor	0'684	0'719	0'680
	Mito Vinculación Amor-Maltrato	0'815	0'742	0'840
Escala de Sexismo Ambivalente	Sexismo hostil	0'919	0'927	0'902
	Sexismo benevolente	0'809	0'844	0'756
EMVN Violencia Padecida	Control/Acoso	0'775	0'700	0'788
	Violencia psicoemocional	0'879	0'841	0'889
	Violencia física	0'844	0'791	0'853
EMVN Violencia Exercida	Control/Acoso	0'737	0'788	0'714
	Violencia psicoemocional	0'792	0'711	0'806
	Violencia física	0'755	0'753	0'758

4.2 Prevalencia e relación entre os distintos tipos de violencia

Unha vez calculada o promedio de cada dimensión do cuestionario EMVN, procedeuse a calcular a prevalencia de agresores e vítimas²⁴. A continuación, preséntanse as táboas cas taxas de prevalencia na mostra total e para cada sexo (Táboas 4-5).

Como pode apreciarse, o número e porcentaxe de agresores nas dimensións de violencia psicoemocional e física resulta particularmente baixo, tanto en homes coma en mulleres (Táboa 4). No obstante, os abusos vinculados co control/acoso parecen estar bastante estendidos entre os participantes, xa que máis da metade da mostra se incluíría como agresora. As probas *Chi cadrado* non arroxaron diferencias significativas entre sexos en canto ó número de agresores.

²⁴ Segundo o criterio seleccionado, os individuos que sobrepasasen o valor de 1 serían codificados como agresores/vítimas.

Táboa 4: Porcentaxes de agresores nos diferentes tipos de violencia exercida

		Mostra total (N =413)		Grupo homes (N = 91)		Grupo Mulleres (N = 322)	
		N Agresores	Prev.	N Agresores	Prev.	N Agresores	Prev.
Violencia Exercida	Control/Acoso	210	50'8%	52	57'1%	158	49'1%
	Psicoemocional	14	3'4%	2	2'2%	12	3'7%
	Física	3	0'7%	1	1'1%	2	0'6%

No que respecta ás taxas de vitimización, o patrón de resultados é similar. A prevalencia máis alta acádase na violencia de tipo control, seguida da psicoemocional e por último a violencia física (Táboa 5). Máis da metade da mostra admitiu sufrir acoso ou tácticas controladoras a mans da súa parella, e un de cada dez padeceu abusos psicoemocionais. No que respecta ás diferencias entre sexos, soamente se detectou unha maior porcentaxe de vítimas homes para a violencia de control ($X^2=12'949$; $p<0'001$).

Táboa 5: Porcentaxes de vítimas nos diferentes tipos de violencia padecida

		Mostra total (N =413)		Grupo homes (N = 91)		Grupo Mulleres (N = 322)	
		N Vítimas	Prev.	N Vítimas	Prev.	N Vítimas	Prev.
Violencia Padecida	Control/Acoso	236	57'1%	67	73'6%	169	52'5%
	Psicoemocional	41	9'9%	11	12'1%	30	9'3%
	Física	11	2'7%	2	2'2%	9	2'8%

Efectuouse unha análise de correlacións parciais entre os diferentes tipos de violencia exercida e padecida, controlando o sexo dos participantes como covariable (Táboas 6-7)²⁵. Para elo, empregouse a puntuación media obtida para cada subescala, resultado de sumar os seus valores e dividilos entre o número de ítems que a conforman.

²⁵ As correlacións simples (sen controlar o sexo do individuo) apenas se diferenciaban dos resultados observados cas correlacións parciais, de modo que as relacións mantidas entre os distintos tipos de violencia son iguais en homes e mulleres; polo tanto, non se precisan análises separadas.

Como pode observarse, existen correlacións significativas entre todas as subescalas de violencia exercida, incluso despois de controlar o posible efecto do sexo. Infírese por tanto que este patrón de correlacións non varía entre homes e mulleres. O índice máis elevado aparece entre a violencia física e psicoemocional ($r=0'636$; $p<0'001$). Aínda que cunha menor intensidade, tamén os abusos relacionados co control se asocian á perpetración de agresións psicoemocionais ($r=0'349$; $p<0'001$) e físicas ($r=0'366$; $p<0'001$).

Táboa 6: Correlacións parciais entre os distintos tipos de violencia exercida

Violencia exercida	Correlacións parciais (Control sobre sexo do participante)		
	Control/Acoso	Psicoemocional	Física
Control/Acoso	1'00		
Psicoemocional	0'349**	1'00	
Física	0'366**	0'636**	1'00

*. Correlacións significativas a nivel $\alpha = 0'05$

**. Correlacións significativas a nivel $\alpha = 0'01$

Resultados similares se obtiveron nas medidas de vitimización (Táboa 7). En síntese, obsérvanse correlacións significativas entre todos os tipos de violencia, tanto na que sofre o individuo como na que el mesmo exerce sobre a parella.

Táboa 7: Correlacións parciais entre os distintos tipos de violencia padecida

Violencia padecida	Correlacións parciais (Control sobre sexo do participante)		
	Control/Acoso	Psicoemocional	Física
Control/Acoso	1'00		
Psicoemocional	0'488**	1'00	
Física	0'514**	0'666**	1'00

*. Correlacións significativas a nivel $\alpha = 0'05$

**. Correlacións significativas a nivel $\alpha = 0'01$

4.3 Variables predictoras da violencia exercida por homes e mulleres

En vistas a coñecer se as actitudes sexistas e a aceptación dos mitos sobre o amor son relevantes de cara a predicir a perpetración de abusos contra a parella, deseñouse un modelo de regresión simple para cada tipo de violencia exercida, separando aos grupos polo seu sexo.

Preséntanse os resultados obtidos para a dimensión de violencia psicolóxica de control perpetrada (Táboa 8). En comparación cas mulleres, o modelo emerxido para os homes acadou un mellor axuste cunha $R^2=0'297$, o que quere dicir que consegue explicar un 29'7% da varianza total asociada á violencia psicolóxica de control. No caso das mulleres, o índice de axuste do modelo resulta máis pobre ($R^2=0'131$).

Nos varóns, a primeira variable que pasou a formar parte do modelo de regresión foi o *Sexismo hostil*, polo que se configura como a máis importante para explicar a violencia de control exercida, seguido do *Mito da idealización do amor*. En contraste, para as mulleres a asunción destas falacias sobre o amor ideal foi o factor máis relevante para predicir a comisión de abusos contra a parella, mentres que nun segundo orde se inclúe ó *Sexismo benevolente*.

O valor dos coeficientes Beta apunta a unha relación positiva entre a VD e VI. Así pois, canto máis acentuadas son as actitudes sexistas hostís e a visión idealizada do amor, maiores taxas de violencia perpetrada remiten os homes. Pola súa parte, as mulleres agresoras se caracterizarán por manter os mesmos ideais románticos e defender un sexismo benevolente.

Táboa 8: Modelo de regresión lineal para Violencia control/acoso exercida en cada sexo

		Violencia control/acoso exercida		
		Beta	R ²	R ² corrixida
Homes	Sexismo hostil	0'391**	0'255	0'247
	Mito idealización amor	0'267**	0'314	0'297
Mulleres	Mito idealización amor	0'269**	0'099	0'096
	Sexismo benevolente	0'198**	0'137	0'131

***. Preditor significativo a nivel $\alpha = 0'01$*

No que respecta á violencia psicoemocional e física exercida, o único indicador significativo emerxe no grupo dos homes, xa que o *Sexismo hostil* pode predicir en certa medida estes abusos (Táboa 9-10). No obstante, o axuste dos modelos de regresión deixa bastante que desexar e apenas explica o 7-8% da varianza (R^2 VN Psicoemocional=0'067; R^2 VN Física=0'084), polo que estas actitudes sexistas tampouco poden considerarse un factor determinante das agresións psicoemocionais.

En contraposición, ningunha das variables dependentes incorporadas parece ser unha boa preditora das agresións físicas e psicoemocionais cometidas polas mulleres porque non acadan o suficiente peso como para entrar no modelo de regresión.

Táboa 9: Modelo de regresión lineal para Violencia psicoemocional exercida en homes

		Violencia psicoemocional exercida		
		Beta	R ²	R ² corrixida
Homes	Sexismo hostil	0'308*	0'095	0'084

*. Preditor significativo a nivel $\alpha = 0'05$

**. Preditor significativo a nivel $\alpha = 0'01$

Táboa 10: Modelo de regresión lineal para Violencia física exercida en homes

		Violencia física exercida		
		Beta	R ²	R ² corrixida
Homes	Sexismo hostil	0'280*	0'078	0'067

*. Preditor significativo a nivel $\alpha = 0'05$

**. Preditor significativo a nivel $\alpha = 0'01$

4.4 Variables predictoras da violencia padecida por homes e mulleres

O mesmo procedemento descrito no apartado anterior foi empregado para indagar no papel que xogan as actitudes sexistas e os mitos sobre o amor romántico sobre a *Violencia padecida*.

A ecuación de regresión na dimensión de control/acoso volve a contar ca mellor bondade de axuste (Táboa 11). O modelo seleccionou os mesmos preditores para ambos grupos, o *Sexismo hostil* e o *Mito da idealización do amor*, pero inverténdose a orde de entrada.

No caso dos homes, a primeira variable que pasou a formar parte do modelo foi o *Sexismo hostil*, mentres que nas mulleres foi o *Mito da idealización do amor*.

O modelo de regresión para os varóns consegue unha $R^2=0'220$, obtendo un índice considerable de varianza explicada. Pola contra, no grupo de mulleres o modelo explica só o 8'8% da varianza asociada á violencia de control padecida ($R^2=0'088$), comprometendo en certa medida a relevancia dos dous preditores que emerxeron como significativos.

Atendendo aos coeficientes Beta, canto máis interiorizadas están as actitudes sexistas e a visión idealizada do amor, maior frecuencia de vitimización.

Táboa 11: Modelo de regresión lineal para Violencia control/acoso padecida en cada sexo

		Violencia control/acoso padecida		
		Beta	R ²	R ² corrixida
Homes	Sexismo hostil	0'335**	0'191	0'182
	Mito idealización amor	0'238*	0'237	0'220
Mulleres	Mito idealización amor	0'210**	0'074	0'071
	Sexismo hostil	0'153*	0'094	0'088

*. Preditor significativo a nivel $\alpha = 0'05$

**, Preditor significativo a nivel $\alpha = 0'01$

Respecto da violencia psicoemocional e física padecida, unicamente para o grupo de varóns emerxe como preditor o nivel de *Sexismo hostil* (Táboa 12-13), no sentido de que canto maior puntuación se acada nesta subescala, máis agresións parece sufrir a persoa. No obstante, ningún destes modelos logra un axuste demasiado elevado, polo que este factor tampouco parece contar cunha relevancia crucial.

Ningunha das variables incluídas nas análises parece ter un peso relevante á hora de explicar as agresións psicoemocionais sufridas polas mulleres.

Táboa 12: Modelo de regresión lineal para Violencia psicoemocional padecida en homes

		Violencia psicoemocional padecida		
		Beta	R ²	R ² corrixida
Homes	Sexismo hostil	0'249*	0'062	0'051

*. Preditor significativo a nivel $\alpha = 0'05$

**. Preditor significativo a nivel $\alpha = 0'01$

Táboa 13: Modelo de regresión lineal para Violencia física padecida en homes

		Violencia física padecida		
		Beta	R ²	R ² corrixida
Homes	Sexismo hostil	0'252*	0'064	0'053

*. Preditor significativo a nivel $\alpha = 0'05$

**. Preditor significativo a nivel $\alpha = 0'01$

5 Discusión

O primeiro obxectivo do presente estudo consistía en indagar na prevalencia da violencia durante o noivado nunha mostra de xoves galegos. En termos xerais, os resultados suxiren unhas taxas relativamente baixas de agresións psicoemocionais e físicas, pero os comportamentos controladores parecen bastante elevados. A distribución de agresores e vítimas non parece variar en función do sexo. En segundo lugar, constatouse que as actitudes sexistas e a aceptación dos mitos do amor romántico inflúen na comisión da VN, polo menos no que respecta á violencia psicolóxica de control. O papel que xogan estas variables parece ser máis relevante para os abusos cometidos e sufridos polo sexo masculino.

5.1 Prevalencia da violencia no noivado: Os abusos psicolóxicos de control

A prevalencia encontrada neste proxecto contrasta en certa medida cos datos alarmantes que se veñen reportando noutros estudos. A metaanálise levada a cabo por Wincentak, Connolly e Card (2017) concluíu que o 20% dos adolescentes protagonizan episodios de violencia física contra o seu noivo/a, mentres que as ratios de agresión verbal téñense situado en torno ó 17-45% noutros estudos internacionais (Straus, 2004; Leen *et al.*, 2013).

No ámbito español, a prevalencia de agresións físicas sitúase en torno ó 30%, mentres que a violencia psicoemocional estaba presente no 90% dos casos (Muñoz-Rivas *et al.*, 2007; Fernández Fuertes *et al.*, 2010). En contraposición, a presente investigación arroxa cifras esperanzadoras, xa que a violencia física apenas aparece no 3% das parellas xoves, próxima ós resultados atopados en estudos máis recentes (Pichiule *et al.*, 2014). Pola súa parte, os abusos psicoemocionais sitúanse en torno ao 10%, polo que, pese a ser máis frecuentes, non acadan ratios tan alarmantes.

Na última década, conséntase un aumento da sensibilidade e rexeitamento social ante a violencia en parella entre a poboación xove española (Ferrer, Bosch, Dánchez e Delgado, 2019). Este cambio de actitudes podería explicar as diferencias encontradas nas cifras de VN entre os estudos máis antigos e os actuais.

Así mesmo, a proposta de clasificación de agresores de parella de Johnson (2010), validada con poboación xove (Zweig, Yahner, Dank e Lachman, 2014), axuda a explicar a reducida incidencia de violencia física e psicoemocional na mostra empregada. O autor

distingue a *violencia situacional de parella*, de menor intensidade e normalmente bidireccional, fronte ao *terrorismo íntimo*. Os *terroristas íntimos* son aqueles capaces de perpetrar os actos máis violentos (por exemplo, golpes, intimidación), non soen participar en estudos epidemiolóxicos para non autoinculparse; mentres que as vítimas tampouco colaborarían por medo ás represalias²⁶. En consecuencia, nas mostras comunitarias como a empregada neste estudo détectanse poucos casos de violencia psicolóxica e física grave.

En liña co rexistrado consistentemente na literatura científica sobre a VN, non se encontrou unha diferenza significativa entre homes e mulleres no número de agresores/vítimas (Leen *et al.*, 2013). Sen embargo, elo non significa que as agresións durante o noivado non estean influídas ou motivadas por cuestións de xénero, como os estereotipos tradicionais ou as actitudes sexistas, tal e como se discutirá máis adiante.

Mención aparte merecen os resultados encontrados para a *Violencia psicolóxica de control*. Esta categoría engloba unha serie de tácticas coercitivas que pretenden exercer unha vixilancia minuciosa sobre a actividade cotiá da parella e restrinxir a súa liberdade (por exemplo, coñecer en todo momento a súa localización, supervisar a súa forma de vestir, illala de familiares/amigos); pero ao ser menos explícitas cos abusos físicos e psicolóxicos, poden ser máis difíciles de detectar (Chung, 2007).

A Organización das Nacións Unidas diferencia a violencia psicolóxica de control fronte ós ataques que comportan insultos, humillacións ou intimidacións (United Nations, 2014), e recomenda tratalos por separado nas enquisas sobre violencia en parella. Os resultados deste estudo tamén suxiren que a violencia psicolóxica de control merece unha análise específica, atendendo á súa frecuencia e ó número de agresores/vítimas, que supera con creces as taxas encontradas nas outras clases de agresións²⁷.

As investigacións que si avalían as condutas controladoras confirman a súa alta incidencia entre a poboación xove (García-Carpintero *et al.*, 2018). A *Macroenquisa de Violencia contra a Muller* (2019) revelou que case a metade de xoves sufrira estas coercitivas a mans do seu noivo, consolidándose como o grupo de idade máis afectado por este tipo de

²⁶ O grupo de *terroristas íntimos* está conformado enimentemente por homes que perpetrar toda clase de actos violentos para subordinar á compañeira sentimental. Fronte a eles, defínese a violencia situacional de parella, de menor intensidade e normalmente bidireccional, cun número similar de agresores/vítimas en ambos sexos.

²⁷ Ademais, a violencia psicolóxica de control tamén destaca pola súa potente asociación cas actitudes sexistas, unha cuestión que será abordada en apartados posteriores.

abusos. Noutro estudo sobre a vitimización en adolescentes ingleses de ambos sexos, as condutas controladoras foron a manifestación de VN máis frecuente e incluían restricións sobre os lugares aos que podía acudir ou con quen interactuar (Young *et al.*, 2018).

Aínda que no presente estudo se atopou unha maior taxa de vitimización por control no grupo de homes fronte ás mulleres, esta diferenza non se replicou na violencia exercida. Cabe a posibilidade de que as mulleres estén minimizando a violencia que sofren para eludir a presión social que recaería sobre elas de cara a abandonar a relación tóxica (Chung, 2007). A miúdo, as mulleres xoves tamén mostran reticencias á hora de identificarse a sí mesmas como vítimas porque senten vergoña ou pensan que en certo sentido son corresponsables por consentir os abusos (Sánchez-Hernández *et al.*, 2020; Chung, 2007).

Ao minusvalorar os abusos aos que son sometidas, as ratios de vitimización das mulleres caen e, ao mesmo tempo, fan que as cifras dos homes sobresaían ata emerxer diferenzas significativas entre ambos. En calquera caso e independentemente do seu sexo, máis da metade dos participantes recoñeceu emitir ou ter sufrido condutas controladoras ca parella.

Pese a que nun principio os actos de control parecen menos lesivos, segue tratándose de abusos que acarean prexuízos serios para a saúde da persoa que as padece, como síntomas de ansiedade e depresión (por exemplo, tristeza, irritabilidade, fatiga, desordes do sono)²⁸ (Domenech e Sirvent, 2016). Así mesmo, Straus, Haynes, Cornelius e Shorey (2016) comprobaron que ser vítima de acoso²⁹ se asociaba cun maior consumo de alcohol e drogas, tanto en homes coma en mulleres. Por último, as tácticas coercitivas levan un progresivo illamento social do individuo, apartándoa dos seus familiares/amigos (Towne e Scott, 2013).

Un segundo aspecto de especial interese refírese á elevada concorrencia das condutas controladoras con outras manifestacións da VN. No presente estudo, a puntuación na subescala de acoso correlacionou positivamente cos demais tipos de violencia, indicando que cantas máis estratexias de control se poñen en práctica, maior frecuencia de abusos físicos e psicoemocionais. A asociación mantívose tanto para a violencia exercida como padecida.

²⁸ O deterioro na saúde mental constatouse en persoas que sufrían unicamente abusos psicolóxicos de control, sen ningún outro tipo de agresión asociado (Domenech e Sirvent, 2016).

²⁹ Na investigación o acoso definíase con accións similares ás recollidas pola subescala de violencia psicolóxica de control do cuestionario EMVN (por exemplo, restrinxir o contacto da parella con familiares e amigos).

Neste senso, efectuar condutas de vixilancia contra a parella constitúe un factor de risco de cara a perpetrar ataques físicos e sexuais moito máis destrutivos (Spencer, Toews, Anders e Emanuels, 2019; Taylor, Joseph e Mumford, 2017). Igualmente, padecer ou tolerar esta clase de comportamentos tamén incrementa as probabilidades de sufrir outras formas máis graves de VN, como agresións psicolóxicas, físicas e sexuais (Catalozzi *et al.*, 2016).

Deste xeito, a detección e intervención temperá destes comportamentos podería servir para evitar a escalada de violencia, pero tamén para impedir que se cronifiquen os prexuízos derivados da VN, xa que a violencia psicolóxica de control non produce secuelas tan duradeiras sobre a saúde como as provocadas polos ataques físicos, sexuais ou psicolóxicos (Domenech e Sirvent, 2016).

5.2 Mitos do amor romántico e condutas controladoras en parellas xoves

Segundo os resultados arroxados polas análises de regresión, a aceptación dos mitos sobre a natureza do amor romántico actúa como un predictor da violencia psicolóxica de control dentro da parella, tanto exercida como padecida. En concreto, foron as falacias sobre a idealización da relación romántica as que se asociaron ca VN³⁰.

As crenzas sobre a omnipotencia do amor e a *media laranxa* dotan dun valor supremo á relación de parella, impoñéndoa como un elemento fundamental para a configuración da propia identidade (Ferrer e Bosch, 2013).

O vínculo amoroso convértese nun eixo vertebrador da vida dos xoves, un elemento polo que vale a pena sufrir e perdoar, de modo que terán moitas máis dificultades para abandonar a relación e tolerarán certo grado de violencia/agresividade (Flores, 2019). Noutros casos, baixo o lema de que *o amor pode con todo*, as vítimas cren erroneamente que poden frear os abusos cambiando a súa actitude ou comportamento dentro da relación, unha falsa sensación de control que leva a perpetuar a violencia (Wood, 2001; Chung, 2007).

Así pois, a asunción dos ideais románticos introduce nesgos de pensamento que levan a sobrevalorar a importancia da relación de parella no propio proxecto vital, e asumir que merece a pena aguantar certas agresións ou humillacións con tal de mantela. Elo axudaría a

³⁰ Recordar que a subescala do *Mito sobre a idealización do amor* engloba as crenzas sobre a omnipotencia do amor, paixón eterna, interpretación dos celos como mostra de cariño e a idea de que existe unha persoa predestinada ou media laranxa (Rodríguez-Castro *et al.*, 2013).

explicar a relación atopada neste estudo entre a aceptación dos mitos sobre o amor e a vitimización por violencia psicolóxica de control.

En segundo lugar, o ideario romántico atribúe un significado positivo ás condutas controladoras. Os estándares propagados polo amor romántico definen os celos e as tácticas coercitivas derivadas como xestos de compromiso ca parella. O individuo que asuma estes guións non considerará que tales actos sexan merecedores de reproche, senón que os percibirá como mostras de amor, incluso desexables (Papp *et al.*, 2017; Puente e Cohen, 2003). Por este motivo, os mitos sobre a idealización do amor se asocian cunha maior vitimización e comisión de abusos psicolóxicos de control.

A vítima cae nunha trampa pensamento que a leva a mostrar conformidade con esta clase de comportamentos, aumentando a probabilidade de que se perpetúen no tempo³¹. Os ditames do ideal romántico tamén serven á persoa para autoxustificar os propios actos agresivos, crendo que se trata dunha demostración de compromiso/afecto aceptable (Cava *et al.*, 2020a; Nardi-Rodríguez *et al.*, 2019).

A favor destas hipóteses, algunhas investigacións reportaron que os adolescentes que sosteñan crenzas irracionais típicas do ideal romántico, tendían a xustificar a VN e a minimizar a gravidade das condutas controladoras no seo da parella (Lelaurain *et al.*, 2018). Así mesmo, moitos xoves tenden a xustificar as condutas controladoras ás que son sometidas polo seu mozo/a argumentando que están motivadas por celos, e polo tanto son unha proba de amor (Lucero, Weisz, Smith-Darden, e Lucero 2014; Chung, 2005).

Ademais, diversos estudos concordan cos resultados desta investigación ao atopar unha vinculación entre a visión distorsionada do amor e unha maior probabilidade de ser agresor e/ou vítima de ciberacoso ca parella a través de Internet e redes sociais³² (Cava, Buelga, Carrascosa e Ortega-Barón, 2020b; Vállora *et al.*, 2019; Borrajo *et al.*, 2015). A pesar de que no presente traballo non se atopou unha asociación entre os mitos románticos e as formas máis destrutivas de VN, existen probas de que a adherencia a estas crenzas tamén pode concorrer cun aumento da vitimización física e psicoemocional (Follingstad, Rutledge, Polek e McNeill-Hawkins, 1988; Cava *et al.*, 2020b).

³¹ En ningún punto pretende atribuírse a responsabilidade da VN sobre a vítima, soamente se describe o mecanismo polo que a asunción dos mitos románticos favorecen a tolerancia e impunidade ante os abusos.

³² Nesta investigación, as condutas de ciberacoso estaban incluídas na subescala de violencia psicolóxica de control.

Gracias a este estudo, pode concluírse que a relación dos mitos románticos ca VN psicolóxica de control non se limita exclusivamente ós espazos virtuais, senón que abarca un patrón de comportamentos coercitivos máis amplo, que inclúe dende intentar afastar á parella de amizades/familiares, ata monitorizar os seus movementos diarios ou perseguila.

No que respecta ás diferencias entre sexos, para as mulleres os mitos do amor romántico consolidáronse como a VD máis relevante para explicar o acoso exercido e padecido. Sen embargo, o modelo de regresión no sexo feminino conta cunha pobre bondade de axuste, e polo tanto estas falacias non teñen un peso tan determinante na VN. Pola contra, estas crenzas irracionais parecen ter un peso bastante significativo para explicar a perpetración e tolerancia de condutas controladoras nos homes.

En calquera caso, o culto ao amor romántico vinculouse cunha maior frecuencia deste tipo de abusos de control, tanto en homes coma en mulleres, polo que sería útil tratar estes contidos nos programas de prevención da VN. De feito, esta clase de tácticas coercitivas obsérvanse frecuentemente en maltratadores de xénero, así que eliminar esta clase de comportamentos nos xoves podería servir tamén para loitar contra a violencia en parellas adultas (Spencer *et al.*, 2019).

5.3 Sexismo e violencia no noivado: Efecto diferencial segundo o sexo

As análises de regresión revelaron que as actitudes sexistas tamén xogan un papel relevante na perpetración e vitimización por violencia no noivado. De novo, o efecto do sexismo sobre a VN exercida/padecida obsérvase con maior claridade no uso de tácticas coercitivas e acoso para controlar a conduta do compañeiro sentimental.


Os resultados coinciden e complementan as múltiples investigacións que estableceron a relación da VN ca adherencia ós estereotipos de xénero e actitudes sexistas, tanto en homes coma en mulleres (Fernández-Fuertes *et al.*, 2018; Pazos *et al.*, 2014). Por exemplo, Cantor, Joppa e Angelone (2020) observaron que as agresións sexuais, físicas e psicolóxicas eran efectuadas e padecidas con maior frecuencia polos xoves con altos niveis de sexismo hostil.

No que respecta violencia psicolóxica de control, os estudos previos centráronse nas condutas realizadas a través de medios virtuais, encontrando unha correlación positiva entre a aceptación dos estereotipos sexistas tradicionais e a perpetración desta clase de abusos (Sánchez-Hernández *et al.*, 2020; Reed *et al.*, 2018; Van Ouytsel, Ponnet e Walrave, 2017). No obstante, os datos extraídos deste proxecto apuntan a que o sexismo promove un patrón

de comportamento controlador que se estende máis alá de Internet e redes sociais, abarcando actos de acoso presencial, como vixiar á parella no lugar de traballo/estudo.

En síntese, os adolescentes que amosan actitudes sexistas serán máis proclives a involucrarse en abusos que implican exercer un control estrito sobre a parella. As correlacións atopadas entre os distintos tipos de violencia, así como un amplo abanico de estudo, advirten que a miúdo VN psicolóxica de control concorre e facilita a escalada de violencia cara actos máis graves (Spencer *et al.*, 2019; Taylor *et al.*, 2017).

Figura 1: Modelo xeral de relación entre actitudes sexistas e VN para ambos sexos



Neste senso, diversos autores consideran as actitudes sexistas como factores de risco de cara á aparición de violencia durante o noivado (Rubio-Garay *et al.*, 2015; Love *et al.*, 2020; González-Ortega *et al.*, 2008), converxendo cas reivindicacións feministas neste ámbito.

No obstante, atopáronse diferencias interesantes nos determinantes da VN exercida e padecida para cada un dos sexos, polo que merecen dunha análise separada.

5.3.1 Sexismo hostil como predictor da violencia perpetrada e padecida por homes

Os homes cun alto nivel de sexismo hostil son propensos a realizar abusos psicolóxicos de control sobre a súa compañeira sentimental; aínda que en menor medida, tamén se vinculou o sexismo cas agresións psicoemocionais e físicas. Pola contra, estas actitudes non parecen ter un peso significativo para explicar ningunha agresión cometida polas mulleres.

A adherencia ó estereotipo de xénero masculino e actitudes sexistas hostís por parte de homes heterosexuais vinculáronse en múltiples investigacións cunha maior frecuencia e severidade de abusos perpetrados contra a parella, tanto físicos-sexuais como verbais-psicolóxicos (Reed *et al.*, 2011; Sears, Byers e Price, 2007; Ozaki e Otis, 2016); así como actos agresivos a través das redes (Martinez-Pecino e Durán, 2016; Rodríguez-Domínguez *et al.*, 2018).

Os resultados do presente traballo apuntan na mesma dirección porque o sexismo hostil erixiuse como predictor de todos os tipos de violencia exercida polos homes, pero non polas

mulleres, coincidindo con outras evidencias empíricas dispoñibles que sinalaron este efecto diferencial por sexos (Forbes *et al.*, 2004; Anacona *et al.*, 2017; Shen, Chiu e Gao, 2012).

A asociación directa entre sexismo e VN viría a indicar que moitos dos ataques efectuados polos varóns teñen unha motivación de xénero subxacente e posiblemente busquen dominar ou someter á parella. Neste senso, recordar que a aceptación das ideas sexistas implica asumir a autoridade do varón sobre a muller, e ademais leva a interpretar as relacións amorosas como unha loita polo poder (Glick e Fiske, 1997).

En concreto, a asunción da ideoloxía machista parece ter unha influencia maior cos abusos psicolóxicos de control, unhas condutas que levan implícito un desexo de vixiar e exercer poder sobre a compañeira sentimental. Neste senso, a literatura científica revelou que moitos dos ataques perpetrados durante o noivado pretenden gañar poder dentro da relación ou gobernar sobre o comportamento da parella (Follingstad, Bradley, Laughlin e Burke, 1999), sobre todo aqueles realizados por varóns (Kelley, Edwards, Dardis e Gydiez, 2015).

De acordo cos resultados atopados nesta investigación, e baixo unha óptica feminista, o acoso e vixilancia exercido polos homes están condicionados á interiorización dos roles de xénero tradicionais. A aceptación destes estereotipos sexistas influirá no comportamento que a persoa despreza no ámbito de parella, e tamén preestablece unhas expectativas sobre o papel que debe adoptar o compañeiro/a sentimental (Latzman *et al.*, 2018).

Partindo desta perspectiva, os varóns que amosan crenzas sexistas utilizarán as condutas controladoras (xunto con outras mostras de violencia) como unha estratexia para cumprir co mandato de xénero masculino, que lles esixe adoptar unha pose competitiva e autoritaria nas relacións sociais (Santoro *et al.*, 2018). Por exemplo, algúns estudos reportaron que os xoves tendían a normalizar agresións sexuais cometidas contra a súa noiva porque o estándar de masculinidade prescribe que sexan sexualmente activos e dominantes (Sears *et al.*, 2007).

A ideoloxía patriarcal tamén presenta á muller nunha posición de inferioridade e subordinación, lexitimando o mantemento do poder nas mans dos homes (McDermott *et al.*, 2017). Partindo destes esquemas, tamén resultará máis sinxelo que a persoa xustifique algunhas formas de agresión contra a muller, a fin de controlala e restaurar ou perpetuar o *statuo quo*.

A investigación de Lelaurain *et al.* (2017) deixou en evidencia que, a pesares de que *a priori* se rexeita o uso da violencia contra a muller, os participantes terminaban por xustificar

as reaccións agresivas cando percibían unha ameaza demasiado elevada para o seu honor e autoridade masculina (por exemplo, observar á moza flirtear con outro home).

En síntese, a interiorización das crenzas sexistas tradicionais impulsa un patrón de conduta dominante nos varóns, que os incita a realizar un control e vixilancia estrita sobre a actividade da súa noiva, para gañar ou preservar cotas máis altas de poder dentro da relación.

Ademais, as actitudes machistas redundan nunha maior aceptación e xustificación explícita da violencia contra a parella (Ramiro-Sánchez *et al.*, 2018; Garaigordobil e Aliri, 2013), que á súa vez facilita a perpetración da VN.

No obstante, a interiorización de certas normas sociais e principios morais básicos, como o rexeitamento cara a violencia explícita, pode actuar como un freo ante agresións graves durante o noivado (Schumacher e Smith, 2004). O estudo lonxitudinal dirixido por Reyes, Foshee, Holditch, Reidy e Hall (2016) revelou que os menores que interiorizaban os roles de xénero tradicionais eran propensos a perpetrar ataques físicos contra a parella no futuro, pero só cando existían crenzas morais sobre a aceptación ética e social desta clase de condutas.


Deste xeito, a relación entre mentalidade sexista e VN estará mediada por outros factores/crenzas, polo menos con respecto ás manifestacións máis explícitas de violencia. Este podería ser o motivo polo que o sexismo hostil non acada un peso tan determinante á hora de predicir os abusos psicoemocionais e físicos exercidos por homes, segundo o modelo de regresión emerxido desta investigación. Sen embargo, o *freo moral* non actúa ante os abusos psicolóxicos de control porque son actos sutís que nin sequera se conciben como violencia³³ (Nardi *et al.*, 2019). Como resultado de eliminar ese mecanismo inhibitorio, a asociación entre sexismo hostil e VN psicolóxica de control resulta particularmente forte.

A pesar de ser unha explicación plausible, o presente estudo non permite contrastar estas hipóteses porque non mediu as crenzas morais nin actitudes xerais sobre a aceptación da violencia en parella. A seguinte figura plasma o enramado de relacións que se establecerían entre as distintas variables segundo esta proposta teórica³⁴ (Figura 2).

³³ Ao contrario, a persoa pode incluso considerar as condutas controladoras como probas de amor, baixo o paraugas dos mitos románticos.

³⁴ As liñas continuas sinalan as relacións constatadas no presente estudo, mentres que as liñas punteadas indican un vínculo a nivel teórico, que non pude comprobarse cos datos deste traballo.

Figura 2: Proposta de modelo de relación entre actitudes sexistas, mitos sobre o amor e VN exercida en homes




Por outra banda, o sexismo hostil tamén demostrou ser un bo predictor dos abusos de control padecidos polos homes a mans das súas noivas, e en menor medida, das demais formas de violencia.

Cabe recordar que a maioría das situacións de violencia en parellas xoves se caracteriza por ser bidireccional, de modo que ambos membros actúan como agresores e como vítimas simultaneamente (Rubio-Garay *et al.*, 2017). De feito, os adolescentes aluden a miúdo á defensa propia como motivo para explicar os ataques que eles mesmos realizan (Kelley *et al.*, 2015). No estudo realizado por Harned (2002), os abusos que efectuaba o propio individuo servían para predicir a súa vitmización polo mesmo tipo de agresións.

Tendo en conta que os varóns con actitudes sexistas tradicionais son máis propensos a perpetrar VN, tamén terán máis probabilidades de ser vitimizados cas mesmas tácticas, como resultado da reacción defensiva da súa compañeira sentimental ante as agresións (Herrera, Wiersma e Cleveland, 2008). Deste xeito, explícase que o sexismo hostil emerxa como predictor da violencia padecida polos varóns.

Finalmente, algunhas investigacións suxiren que os estereotipos de xénero tradicionais, xunto cos mitos do amor romántico, conducen a normalizar condutas controladoras e outros actos reprochables por parte da parella, dificultando así a identificación dos abusos (García-Díaz *et al.*, 2018; Sánchez-Hernández *et al.*, 2020). Recoñecer a violencia/control ó que se está sometido constitúe o primeiro paso indispensable para poñer fin á situación. O sexismo hostil dificulta esta toma de conciencia por parte dos varóns, e polo tanto lles impide actuar contra o maltrato, perpetuando a súa vitmización (Figura 3).

Figura 3: Proposta de modelo de relación entre actitudes sexistas, mitos sobre o amor e VN padecida en homes



5.3.2 Efecto das diferentes crenzas sexistas sobre a violencia exercida e padecida por mulleres

As análises de regresión no grupo de mulleres arroxaron resultados distintos ós do sexo masculino. O sexismo hostil non se consolidou como un predictor fiable dos abusos exercidos por elas, senón que foi substituído polas actitudes machistas benevolentes, e o seu efecto reduciuse á *violencia psicolóxica de control*.


En contraste cas actitudes sexistas máis tradicionais ou hostís, o sexismo benevolente non proxecta unha imaxe perversa sobre a muller, senón que a consagra como un ser puro e inocente, pero ao mesmo tempo débil e necesitado de protección (Lameiras e Rodríguez, 2003). Estas expresións do machismo moderno entorpecen a consecución efectiva da igualdade entre homes e mulleres porque enxalzan os roles tradicionais da muller dócil e dependente do seu marido, entregada ás labores do fogar e coidado dos demais (Glick e Fiske, 1997). Neste senso, as crenzas sexistas benevolentes serven igualmente para xustificar e perpetuar a opresión e dominación do home sobre a muller, e poden resultar aínda máis prexudiciais porque pasan desapercibidas incluso para o propio individuo.

Un dos estereotipos implícitos no sexismo benevolente idealiza á muller casta, prudente e pasiva no plano sexual, ao mesmo tempo que representa ó home como un depredador sexual, promiscuo. As xoves que interiorizan estas crenzas mostrarán maior desconfianza cara o seu mozo e tratarán de frear calquera intento de infidelidade a través de condutas controladoras (Lucero *et al.*, 2014; Van Ouytsel *et al.*, 2017).

A vixilancia sobre a parella convértese nunha estratexia para vencer as propias inseguridades e salvagardar o compromiso do home con respecto á relación romántica. Deste

modo, o sexismo benevolente nas mulleres conduciría á comisión de abusos psicolóxicos de control, tal e como se observou nesta investigación.

Figura 4: Proposta de modelo de relación entre actitudes sexistas, mitos sobre o amor e VN exercida en mulleres



En calquera caso, a bondade de axuste do modelo resulta bastante pobre, polo que nin sequera o sexismo posmoderno parece ter unha influencia crucial nas agresións cometidas por mulleres. De feito, as crenzas irracionais sobre o amor idealizado realizan unha maior contribución á hora de explicar a VN exercida.

Os datos extraídos deste traballo súmanse a un crecente volume de investigacións que atoparon unha escasa ou nula relación entre estas actitudes sexistas e a VN física e psicoemocional cometida polas mulleres xoves (Anaconda *et al.*, 2017; Forbes *et al.*, 2004; Shen *et al.*, 2012); contrastando co claro efecto observado en varóns.

No que respecta ás dimensións de vitimización, as análises de regresión apuntan que as mulleres cun maior nivel de sexismo hostil son aquelas que padecen abusos psicolóxicos de control con maior frecuencia a mans do seu noivo.

En primeiro lugar, a adherencia ós estereotipos de xénero femininos pode incitar á muller a buscar homes hipermasculinos que cumpran co modelo de persoa dominante e autoritaria (Backus e Mahalik, 2011). Tal e como se comentou, os homes que asumen os roles de xénero masculinos tradicionais teñen máis probabilidades de perpetrar condutas controladoras, e polo tanto as súas noivas terán un maior risco de sufrir ditos abusos.


Por outra banda, a relación entre as actitudes sexistas e a violencia padecida polas mulleres encaixa perfectamente ca tese feminista (Latzman *et al.*, 2018; Foshee *et al.*, 2004). A ideoloxía patriarcal cólase nos esquemas cognitivos das mulleres para facerlles crer que deben mostrar unha pose compracente e incluso submisa na relación, respectando que o home ostente cotas de poder máis altas (Wekerle e Wolf, 1999).

Así pois, as mulleres que asuman o seu papel subordinado na relación, tenderán a normalizar e xustificar os abusos cometidos polos seus noivos. A este respecto, diversos artigos corroboran que a adherencia ó estereotipo tradicional feminino leva a mostrar aceptación e tolerancia ante condutas controladoras e acoso (Chung, 2005; Sánchez-Hernández *et al.*, 2020; Russell e Trigg, 2004).

Algúns autores incluso sinalan que as crenzas sexismo poderían distorsionar a visión da muller sobre a violencia, ata o punto de facerlle crer que ela é a responsable da situación ou que merece os reproches³⁵ (Cantor *et al.*, 2020; Lelaurain *et al.*, 2018).

En síntese, a ideoloxía patriarcal implica crenzas lexitimadoras da VN e tamén un certo grado de aprobación ante a aserción de poder por parte dos homes, ó mesmo tempo que anima ás mulleres a adoptar unha postura pasiva e compracente na relación. Como consecuencia, as xoves que interiorizan estas crenzas sexistas amosarán unha maior conformidade e tolerancia cas condutas controladoras emitidas polo seu mozo.

Figura 5: Proposta de modelo de relación entre actitudes sexistas, mitos sobre o amor e VN padecida en mulleres



5.4 Implicacións prácticas e futuras liñas de investigación

A presente investigación suxire que as actitudes sexistas máis tradicionais xogan un papel relevante nas agresións cometidas polos varóns durante o noivado, diferindo dos factores determinantes para explicar a violencia perpetrada polas mulleres (Foshee, Linder, MacDougall e Bangdiwala, 2001).

³⁵ As adolescentes vítimas de acoso admitiron cambiar a súa forma de vestir e limitar as súas actividades de ocio a raíz das tácticas coercitivas ás que eran sometidas polos seus noivos, chegando a sentirse responsables do control que exercían sobre elas (Chung, 2007; Scott e Towns, 2013).

As mesmas actitudes se asocian cun incremento na frecuencia de abusos sufridos a mans da parella, en particular os abusos psicolóxicos de control; e esta relación mantense tanto en homes coma en mulleres, sendo especialmente clara esta relación.

En termos xerais, os resultados apoian as hipóteses da perspectiva feminista que remarca a importancia da asunción dos estereotipos de xénero tradicionais, á hora de explicar os abusos acaecidos en parellas xoves (Shorey *et al.*, 2008). A aceptación destas actitudes sexistas e dos mitos sobre o amor romántico facilitaría a comisión e tolerancia da violencia psicolóxica de control, que inclúe actos como perseguir á parella, limitar o seu contacto con familiares/amigos ou vixiar permanentemente os seus movementos.

Por todo elo, esta investigación reafirma a aposta por programas de prevención da VN que aborden as cuestións de xénero (Santoro *et al.*, 2018). As intervencións en centros educativos deberían debatir cos alumnos sobre os efectos prexudiciais que conlevan os estereotipos e crenzas sexistas, pois constrinxen as actividades e condutas aceptables tanto para homes coma para mulleres.

De feito, os programas de prevención da VN máis efectivos soen abordar os estereotipos machistas e o desenvolvemento de actitudes máis igualitarias, xunto co adestramento de habilidades para comunicarse e interaccionar ca parella de forma pacífica (Cornelius e Resseguie, 2007). Entre eles, destaca o *Safe Dates*, que conseguiu reducir as taxas de comisión/vitimización de VN física, psicolóxica e sexual, mantendo os seus efectos ao longo de catro anos; ademais, comprobou que esta mellora acadada dependía en parte da redución das actitudes sexistas e o rexeitamento cara estereotipos sexuais (Foshee *et al.*, 2005).

